



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa resolución do 19 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 30 de setembro de 2022), a XUNTA ELECTORAL deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 pais/nais***, dun total de 4, que debe ter o Consello Escolar. O outro representante continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 24 de novembro.
3. Son elexibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do colexio. As candidaturas poderán ser presentadas dende o día 22 ata o 25 de novembro, ás 10:00 horas.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 25 de novembro, ás 12:30 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Dirección do centro, que exercerá a presidencia, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.
5. Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores legais dos alumnos matriculados no centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola sinatura de 10 electores.
6. As votacións realizaranse neste colexio público o día **29 de novembro, de 18:00 a 21:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 17:45 horas.
7. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de 2 nomes dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.



8. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal do alumnado.
9. Finalizada a votación, procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
10. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 21 de novembro de 2022
A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo Mónica López Álvarez

- 1 pai só será ata 2024 (quedou vacante das eleccións anteriores)